

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

Centro educativo

| Código | Centro | Concello | Ano académico |
|----------|------------------------------------|-----------------|---------------|
| 27007788 | CPI Plurilingüe de Navia de Suarna | Navia de Suarna | 2023/2024 |

Área/materia/ámbito

| Ensinanza | Nome da área/materia/ámbito | Curso | Sesións semanais | Sesións anuais |
|--------------------|-----------------------------|---------|------------------|----------------|
| Educación primaria | Música e danza | 5º Pri. | 1 | 35 |

Réxime

Réxime xeral-ordinario

| Contido | Páxina |
|---|---------------|
| 1. Introducción | 3 |
| 2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias | 4 |
| 3.1. Relación de unidades didácticas | 5 |
| 3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas | 6 |
| 4.1. Concrecións metodolóxicas | 17 |
| 4.2. Materiais e recursos didácticos | 18 |
| 5.1. Procedemento para a avaliación inicial | 18 |
| 5.2. Criterios de cualificación e recuperación | 19 |
| 6. Medidas de atención á diversidade | 20 |
| 7.1. Concreción dos elementos transversais | 21 |
| 7.2. Actividades complementarias | 21 |
| 8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro | 22 |
| 8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora | 23 |
| 9. Outros apartados | 24 |

1. Introducción

A presente PD (Programación Didáctica) está enmarcada no "Decreto XX/2022 polo que se establece a ordenación e o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia" e o seu obxectivo é desenvolver e adaptar á realidade deste centro os preceptos neste recollidos.

Nese senso, neste apartado esta programación remítese en primeira instancia ao reflectido na propia Introducción do Decreto na área e materia de Música e Danza, a cal, como se pode comprobar organizase arredor de dous eixes respectivamente:

- percepción e análise
- creación e interpretación

Neste centro, dado o contexto do alto número de alumnado procedente doutras rexións e doutros países, e, en moitas ocasións, de incorporación tardía, tanto nun eixe coma no outro farase especial fincapé no traballo das diferentes manifestacións artísticas musicais e da danza do mundo como fonte de variedade e riqueza cultural, artística e social, con especial relevancia daquelas procedentes das rexións e/ou países do alumnado inmigrante, de sorte que esta materia exerza de axente solidario e cohesionador social.

Ademais da transversalidade que caracteriza esta materia para todas e cada unha das áreas desta etapa, a presente PD está pensada para poder traballar conxuntamente xunto coa outra materia de ámbito artístico deste centro: Educación Plástica e Visual.

Cada unha das 4 UD (Unidades Didácticas) que conforman esta PD está concibida para inculcarlle o alumnado a importancia de que o relevante non é o bonito ou feo que sexa o traballo realizado ou o seu valor artístico, senón que este sexa quen de adquirir técnicas e procedementos acordes á súa idade. A tal fin, a capacidade perceptiva, a observación, a habilidade manual e motriz e a sensibilidade ante calquera manifestación musical ou da danza debe ser potenciada. Daremos especial importancia a dotar dunhas técnicas axeitadas para que o alumnado saiba expresarse mediante a música e o corpo como outros medios de expresión e comunicación.

Esta PD está planificada de xeito que 3 das UD teñen unha temporalización de carácter trimestral, mentres que a 4ª UD viaxará o longo de todo o curso ao aparecer nos 3 trimestres, complementando as anteriores.

Ao mesmo tempo, co comezo deste nivel comeza o 3º e derradeiro ciclo de primaria, que procura que o alumnado deste centro mellore significativamente na súa autonomía ao longo deste, especialmente no que a producións artísticas se refire. Así pois, búscase tamén que o alumnado continúe o afianzamento dos contidos traballados no ciclo anterior especialmente no 1º trimestre, por un lado, e que experimente unha progresión destes e comece a adquisición doutros novos, polo outro.

É importante destacar que esta programación faise tendo en conta que a aula en funcionamento recolle alumnado de todos os cursos de Primaria dende 1º a 6º, polo que frecuentemente co desenvolvemento das unidades realízanse modificacións na temporalización e nos obxectivos a acadar.

CONTEXTUALIZACIÓN

O CPI Navia de Suarna atópase situado na capital do concello de Navia de Suarna.

Trátase dun concello ubicado na área montañosa da Galicia oriental, concretamente na zona septentrional da Serra dos Ancares. Ten unha superficie de 242 km² distribuíndose a súa escasa poboación de forma moi diseminada en 20 parroquias e 103 lugares, feito que provoca unha baixa densidade poboacional.

É esta unha comarca moi accidentada na que predomina unha paisaxe montañosa formada polas estribacións da Serra dos Ancares ao Sur e Leste e polas pequenas alineacións con dirección NO-SE pertencentes ás Serras de Pedruñais e á de Meira na parte occidental do concello. Estas zonas montañosas alternan coa zona formada polo val do río Navia, profundamente encaixado, que cruza o termo municipal de SO a NE no que existe unha ampla zona de terreos aptos para o cultivo.

Demograficamente, o concello de Navia, ao igual que moitos outros concellos da Galicia interior, van perdendo de forma moi significativa poboación, froito de factores como a dureza das condicións orográficas e climáticas da zona e tamén por factores extrínsecos coma o proxecto de creación do encoro do Gran Suarna que limitou as posibilidades tanto económicas como demográficas de todo o concello. Na actualidade o seu censo segundo o INE (Revisión do Padrón municipal de 2001) é de 1.916 habitantes, poboación en gran medida envellecida.

Coa excepción ao pequeno comercio da vila de Navia, a economía do concello baséase sobre o sector primario,

fundamentalmente na agricultura e a gandería. A pesar da extensión do concello a superficie cultivada só supón aproximadamente o 11,4%. A superficie adicada a prados e pastizais constitúe case o 10%, mentres que a superficie forestal exténdese case polo 76% da superficie, o que indica a importancia do sector forestal como fonte de ingresos das familias labregas.

Outros dos subsectores importantes na economía de Navia é o gandeiro destacando o porcino, vacuno e ovino. Alén disto, na Pobra de Navia como capital do concello, existen diversos establecementos comerciais aos que acoden a abastecerse os veciños das parroquias rurais. Outros dos sectores que está a cobrar importancia por causa das magníficas paisaxes, o patrimonio cultural e o mesmo río Navia é o do turismo

CONTEXTUALIZACIÓN DO CENTRO

O C.P.I. Navia de Suarna é un centro con 6 unidades recoñecidas, das cales 2 son de Educación Primaria, aínda que na realidade unha destas unidades se desdobra para que haxa unha unidade de niveis mixtos de Infantil. No que respecta a Primaria o centro conta con unha mestra definitiva e un mestre provisional, unha especialista de AL xunto cunha mestra compartida para Relixión. Ao seren un C.P.I. gozamos igualmente de especialistas en Pedagogía Terapéutica e Orientación.

Contamos con un número reducido de alumnado posto que toda Educación Primaria só alcanza os 13 alumnos/as. Este grupo será o que se agrupe na Ed Plástica. Por tanto 13 alumnos/as dende 1º a 6º

Xa que como acabo de citar a aula de Ed. Plástica está formada por todo o alumnado de Primaria este xeito de programar non é axeitado para as aulas mixtas como é o caso. Por iso, fago esta programación recalando que todo aquilo que se programe aquí será ficticio porque de ningunha das maneiras poderei seguir obxectivos, criterios de avaliación... aptos para unha aula con tantas diferencias en canto a habilidades e posibilidades pola diferente idade dos/as participantes.

A presente programación non é real porque a aula de plástica é un aula mixta na que se agrupa alumnado de 1º a 6º coas diferencias que se lles supoñen a estas diferentes idades. Polo tanto á hora de programar fágoo cos mesmos contidos e temática para todos eles e despois modifíco o nivel de dificultade dependendo do curso de cada un deles. Con esta aplicación por exemplo é imposible programar con obxectivos comúns a todos eles polo que non se axusta á realidade.

2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

| Obxectivos | CCL | CP | STEM | CD | CPSAA | CC | CE | CCEC |
|--|-----|----|------|----|-------|----|----|------|
| OBX1 - Descubrir propostas artísticas musicais e dancísticas de diferentes xéneros, estilos, épocas e culturas, a través da recepción activa, para desenvolver a curiosidade, a sensibilidade, o pensamento crítico e o respecto pola diversidade. | | 3 | 1 | 1 | 3 | 1 | 2 | 1-2 |
| OBX2 - Recoñecer os elementos básicos específicos da linguaxe musical, a través da percepción e da análise de diferentes fragmentos e obras, para chegar á comprensión das diferentes manifestacións culturais e artísticas. | | | | | | | | 2-4 |
| OBX3 - Investigar acerca de diferentes manifestacións culturais e artísticas musicais e dancísticas e os seus contextos, empregando diversas canles, medios e técnicas, para gozar delas, entender o seu valor, así como desenvolver o pensamento e unha sensibilidade artística propia. | 3 | 3 | 2 | 1 | 4 | 3 | | 1-2 |
| OBX4 - Expresar e comunicar de maneira creativa ideas, sentimentos e emocións, experimentando coas posibilidades do son, do corpo e dos medios dixitais, para producir obras propias. | 1 | | | 2 | 1-5 | 2 | 1 | 3-4 |

| Obxectivos | CCL | CP | STEM | CD | CPSAA | CC | CE | CCEC |
|---|-----|----|------|----|-------|----|-----|------|
| OBX5 - Participar do deseño, elaboración e difusión de producións culturais e artísticas musicais e dancísticas, tanto individuais como colaborativas, poñendo en valor o proceso e asumindo diferentes roles na consecución dun resultado final, para desenvolver a creatividade, a noción de autoría e o sentido de pertenza. | 1-5 | 3 | 3 | | | 2 | 1-3 | 3-4 |

Descrición:

3.1. Relación de unidades didácticas

| UD | Título | Descrición | % Peso materia | Nº sesións | 1º trim. | 2º trim. | 3º trim. |
|----|---------------------------|---|----------------|------------|----------|----------|----------|
| 1 | O outono | Esta UD pretende, por un lado, repasar e afianzar os contidos de 4º primaria insistindo de novo na dinámica e rutina de traballo, a responsabilidade e coidado do material, etc., e, polo outro, seguir desenvolvendo a recepción activa e vivencia de diferentes elementos da música e da danza a través das tres grandes familias instrumentais como fío condutor e con diferentes agrupamentos. As conmemoracións do Magosto, Samaín e Nadal cobrarán especial relevancia. | 15 | 7 | X | | |
| 2 | O inverno | Esta UD2 prosigue o traballado na UD1, reforzando e ampliando paulatinamente os elementos da música e da danza, mais nesta ocasión, a través das agrupacións artísticas da música e da danza como fío condutor. O Día da Paz, o Entroido e o Día Internacional da Muller traballaranse de xeito máis destacado. | 21 | 6 | | X | |
| 3 | A primavera e o verán | A UD3 desenvolve un pouquiño máis os elementos de contidos das UD1 e UD2, mais o seu propósito será, fundamentalmente, afianzar os xa traballados; nesta ocasión o fío condutor serán as voces. As Letras Galegas e o Día da Música serán de especial relevancia. | 24 | 5 | | | X |
| 4 | Músicas e danzas do mundo | Esta UD profundiza nas músicas e danzas doutras rexións e países: a visualización e valoración destas, así como a interpretación dunha coidada selección das mesmas, con especial fincapé daquelas procedentes das mesmas zonas co alumnado inmigrante. O traballo en grupo e | 40 | 17 | X | X | X |

| UD | Título | Descrición | % Peso materia | Nº sesións | 1º trim. | 2º trim. | 3º trim. |
|----|---------------------------|--|----------------|------------|----------|----------|----------|
| 4 | Músicas e danzas do mundo | grande grupo será o predominante, procurando unha participación activa do alumnado e procurárase a asistencia en vivo a algunha representación artística de música e/ou danza. | 40 | 17 | X | X | X |

3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

| UD | Título da UD | Duración |
|----|--------------|----------|
| 1 | O outono | 7 |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|---|---|----|-----|
| CA1.1 - Distinguir propostas artísticas musicais de diferentes xéneros, estilos, épocas e culturas, a través da recepción activa e mostrando curiosidade por estas. | Descobre os diferentes subxéneros da música tradicional galega e elabora un listado con estes, engadindo algunha característica básica de cada un. Asocia os instrumentos á familia correspondente. | TI | 100 |
| CA1.3 - Identificar visual e auditivamente, clasificar, describir e representar elementos da música e da linguaxe musical. | Identifica visualmente e representa: redonda, branca, negra (con puntiño e silencios), dobre corchea, 4 semicorcheas; barras divisoria, final e repetición; clave sol, comp. 2/4, 3/4 e 4/4. | | |
| CA1.6 - Valorar as sensacións e emocións producidas por diferentes manifestacións culturais e artísticas musicais, a partir da análise e da comprensión das devanditas manifestacións. | Valora e comprende as sensacións e emocións producidas por diferentes manifestacións culturais. | | |
| CA1.7 - Manifestar respecto na recepción de propostas artísticas musicais, interiorizando as normas elementais de comportamento e mostrando unha actitude positiva. | Manifesta respecto na recepción de propostas artísticas musicais e mostra unha actitude positiva. | | |
| CA2.1 - Producir obras propias básicas utilizando as posibilidades expresivas do corpo, o son, a imaxe e os medios dixitais básicos e mostrando confianza nas capacidades propias. | Toca na frauta as notas do-si; si bemol; do-sol agudos. Improvisa no xilófono (escala pentatónica) sobre unha base musical. | | |
| CA2.3 - Utilizar elementos da linguaxe musical para interpretar propostas musicais vocais e instrumentais sinxelas a través da vivencia destes. | Toca nun instrumento PAI e con metrónomo o patrón da alborada (negra + dobre corchea). | | |
| CA2.7 - Manifestar respecto na realización de actividades, interiorizando as normas elementais de comportamento e mostrando unha actitude positiva e empática cara á expresión de ideas, sentimentos e emocións dos demais. | Manifesta respecto na realización de actividades musicais e mostra unha actitude positiva. | | |
| CA3.1 - Distinguir propostas artísticas escénicas e performativas de diferentes xéneros, estilos, épocas e culturas, a través da recepción activa e mostrando curiosidade por estas. | Recoñece as partes dunha muiñeira e recoñece, alomenos, os pasos de vasco, punta-tacón e diante-detrás. | | |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|--|--|-----------|----------|
| CA3.5 - Valorar as sensacións e emocións producidas por diferentes manifestacións culturais e artísticas escénicas e performativas, a partir da análise e da comprensión das devanditas manifestacións. | Valora e comprende as sensacións e emocións producidas por diferentes manifestacións culturais e artísticas escénicas e performativas. | | |
| CA3.6 - Manifestar respecto na recepción de propostas artísticas escénicas e performativas, interiorizando as normas de respecto de comportamento e mostrando unha actitude positiva. | Manifesta respecto na recepción de propostas artísticas escénicas e performativas e mostra unha actitude positiva. | | |
| CA4.1 - Producir obras propias básicas utilizando as posibilidades expresivas do corpo, o son, a imaxe e os medios dixitais básicos e mostrando confianza nas capacidades propias. | Participa grupalmente no baile dunha muiñeira. Realiza correctamente, alomenos, os pasos de vasco, punta-tacón e diante-detrás. | | |
| CA4.6 - Manifestar respecto na creación e interpretación de propostas artísticas escénicas e performativas, interiorizando as normas elementais de comportamento e mostrando unha actitude positiva e empática cara á expresión de ideas, sentimentos e emocións dos demais. | Manifesta respecto na realización de actividades escénicas e performativas e mostra unha actitude positiva. | | |

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

| Contidos |
|--|
| <ul style="list-style-type: none"> - Estratexias de recepción activa. - O son e as súas calidades: identificación visual e auditiva, clasificación e representación de diversidade de sons e estruturas rítmicas e melódicas a través de grafías convencionais e non convencionais. - A voz e os instrumentos musicais. Familias e agrupacións máis representativas. Clasificación e comprensión da natureza da produción sonora en cada tipo. Identificación visual e auditiva. Instrumentos tradicionais na música galega. Instrumentos dixitais. Aproximación a instrumentos non convencionais e exóticos. Instrumentos caseiros. - O tempo, o carácter e a dinámica: identificación e descrición. - O pulso, o acento e o compás: identificación e diferenciación entre compás binario, ternario e cuaternario. Introducción ao concepto de subdivisión. - A melodía e a forma musical. Repetición e variación melódica. - Propostas musicais de diferentes correntes estéticas, procedencias e épocas producidas por creadoras e creadores locais, rexionais, nacionais e internacionais. - Aproximación aos principais xéneros musicais. - Vocabulario específico de música. - Recursos dixitais de uso común para música. - Normas elementais de comportamento e actitude positiva na recepción de propostas musicais. O silencio como elemento e condición indispensable para manter a atención durante a audición. - Práctica instrumental, vocal e corporal: experimentación, exploración creativa, interpretación, improvisación e composición con pautas guiadas a partir das súas posibilidades sonoras e expresivas. Respiración consciente e hixiene e corrección postural. - Linguaxes musicais: aplicación dos seus conceptos fundamentais na interpretación e na improvisación guiada de propostas musicais vocais e instrumentais. O silencio como elemento fundamental da música: utilización adecuada na interpretación musical. |

Contidos

- Aplicacións informáticas de gravación, edición de audio e edición de partituras: utilización guiada na audición, coñecemento, interpretación, gravación, reprodución, improvisación e creación de obras diversas.
- Fases do proceso creativo: planificación, interpretación, experimentación e avaliación.
- Avaliación, interese e valoración, tanto do proceso coma do produto final, en producións musicais.
- Normas elementais de comportamento e actitude positiva na creación e interpretación de propostas musicais. O silencio como elemento e condición indispensable durante a creación e a práctica musical.
- Estratexias de recepción activa.
- Manifestacións vinculadas á expresión corporal e ás artes escénicas e performativas de diferentes correntes estéticas, procedencias e épocas producidas por creadoras e creadores locais, rexionais, nacionais e internacionais.
- Vocabulario específico das artes escénicas e performativas.
- Recursos dixitais de uso común para as artes escénicas e performativas.
- Normas de comportamento e actitude positiva na recepción de propostas vinculadas coa expresión corporal e dramática en diferentes espazos culturais e artísticos. O silencio como elemento e condición indispensable para manter a atención durante a recepción.
- O corpo e as súas posibilidades motrices, dramáticas e creativas: interese na experimentación e exploración a través de execucións individuais e grupais vinculadas co movemento, coa danza, coa dramatización e coa representación teatral como medio de expresión e diversión.
- Técnicas básicas dramáticas e dancísticas. Respiración consciente e hixiene e corrección postural. Nocións elementais de biomecánica. Linguaxes expresivas. Introducción aos métodos interpretativos. Experimentación con actos performativos. Improvisación guiada e creativa. Interese, práctica e confianza nun mesmo.
- Capacidades expresivas e creativas básicas da expresión corporal e dramática. Gozar como forma de interacción social, recurso expresivo e emotivo e deleite estético.
- Fases do proceso creativo: planificación, interpretación, experimentación e avaliación.
- Avaliación, interese e valoración, tanto do proceso coma do produto final, en producións escénicas e performativas.
- Normas elementais de comportamento e actitude positiva na creación e interpretación de propostas vinculadas coa expresión corporal e dramática

| UD | Título da UD | Duración |
|----|--------------|----------|
| 2 | O inverno | 6 |

| Craterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|--|---|----|----|
| CA1.3 - Identificar visual e auditivamente, clasificar, describir e representar elementos da música e da linguaxe musical. | Identifica visualmente e describe ligadura de unión, matices (ff, f, p, pp), dinámicas (cresc., dim.), tempo (lento, andante, allegro; Acell., Rit.) e articulación (picado, ligado). | PE | 20 |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|--|--|----|----|
| CA1.1 - Distinguir propostas artísticas musicais de diferentes xéneros, estilos, épocas e culturas, a través da recepción activa e mostrando curiosidade por estas. | Descobre músicas que se bailaban dende antes do Renacemento até o Romanticismo e elabora un listado con estas, engadindo a/s época/s e a procedencia. Recoñece algúns tipos de agrupacións. | TI | 80 |
| CA1.6 - Valorar as sensacións e emocións producidas por diferentes manifestacións culturais e artísticas musicais, a partir da análise e da comprensión das devanditas manifestacións. | Valora e comprende as sensacións e emocións producidas por diferentes manifestacións culturais. | | |
| CA1.7 - Manifestar respecto na recepción de propostas artísticas musicais, interiorizando as normas elementais de comportamento e mostrando unha actitude positiva. | Manifesta respecto na recepción de propostas artísticas musicais e mostra unha actitude positiva. | | |
| CA2.1 - Producir obras propias básicas utilizando as posibilidades expresivas do corpo, o son, a imaxe e os medios dixitais básicos e mostrando confianza nas capacidades propias. | Crea unha melodía (8 c. de 2/4, 6 de 3/4 ou 4 de 4/4); do, re, mi, sol, la e do agudo; redonda, branca e negra con silencios e puntiño (agás negra con puntiño), dobre corchea e 4 semicorcheas. | | |
| CA2.3 - Utilizar elementos da linguaxe musical para interpretar propostas musicais vocais e instrumentais sinxelas a través da vivencia destes. | Le e interpreta liñas rítmicas de ata 4 compases de 2/4, 3 de 3/4 e 2 de 4/4: redonda, branca, negra (cos seus puntiños e silencio -agás puntiño na negra-, dobre corchea e 4 semicorcheas). | | |
| CA2.7 - Manifestar respecto na realización de actividades, interiorizando as normas elementais de comportamento e mostrando unha actitude positiva e empática cara á expresión de ideas, sentimentos e emocións dos demais. | Manifesta respecto na realización de actividades musicais e mostra unha actitude positiva. | | |
| CA3.1 - Distinguir propostas artísticas escénicas e performativas de diferentes xéneros, estilos, épocas e culturas, a través da recepción activa e mostrando curiosidade por estas. | Discrimina entre un minueto e un branle. | | |
| CA3.5 - Valorar as sensacións e emocións producidas por diferentes manifestacións culturais e artísticas escénicas e performativas, a partir da análise e da comprensión das devanditas manifestacións. | Valora e comprende as sensacións e emocións producidas por diferentes manifestacións culturais e artísticas escénicas e performativas. | | |
| CA3.6 - Manifestar respecto na recepción de propostas artísticas escénicas e performativas, interiorizando as normas de respecto de comportamento e mostrando unha actitude positiva. | Manifesta respecto na recepción de propostas artísticas escénicas e performativas e mostra unha actitude positiva. | | |
| CA4.1 - Producir obras propias básicas utilizando as posibilidades expresivas do corpo, o son, a imaxe e os medios dixitais básicos e mostrando confianza nas capacidades propias. | Participa grupalmente no baile dun minueto. Participa grupalmente no baile dun branle. | | |
| CA4.6 - Manifestar respecto na creación e interpretación de propostas artísticas escénicas e performativas, interiorizando as normas elementais de comportamento e mostrando unha actitude positiva e empática cara á expresión de ideas, sentimentos e emocións dos demais. | Manifesta respecto na realización de actividades escénicas e performativas e mostra unha actitude positiva. | | |

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos

- Estratexias de recepción activa.
- O son e as súas calidades: identificación visual e auditiva, clasificación e representación de diversidade de sons e estruturas rítmicas e melódicas a través de grafías convencionais e non convencionais.
- A voz e os instrumentos musicais. Familias e agrupacións máis representativas. Clasificación e comprensión da natureza da produción sonora en cada tipo. Identificación visual e auditiva. Instrumentos tradicionais na música galega. Instrumentos dixitais. Aproximación a instrumentos non convencionais e exóticos. Instrumentos caseiros.
- O tempo, o carácter e a dinámica: identificación e descrición.
- O pulso, o acento e o compás: identificación e diferenciación entre compás binario, ternario e cuaternario. Introducción ao concepto de subdivisión.
- A melodía e a forma musical. Repetición e variación melódica.
- Propostas musicais de diferentes correntes estéticas, procedencias e épocas producidas por creadoras e creadores locais, rexionais, nacionais e internacionais.
- Aproximación aos principais xéneros musicais.
- Vocabulario específico de música.
- Recursos dixitais de uso común para música.
- Normas elementais de comportamento e actitude positiva na recepción de propostas musicais. O silencio como elemento e condición indispensable para manter a atención durante a audición.
- Práctica instrumental, vocal e corporal: experimentación, exploración creativa, interpretación, improvisación e composición con pautas guiadas a partir das súas posibilidades sonoras e expresivas. Respiración consciente e hixiene e corrección postural.
- Linguaxes musicais: aplicación dos seus conceptos fundamentais na interpretación e na improvisación guiada de propostas musicais vocais e instrumentais. O silencio como elemento fundamental da música: utilización adecuada na interpretación musical.
- Aplicacións informáticas de gravación, edición de audio e edición de partituras: utilización guiada na audición, coñecemento, interpretación, gravación, reprodución, improvisación e creación de obras diversas.
- Fases do proceso creativo: planificación, interpretación, experimentación e avaliación.
- Avaliación, interese e valoración, tanto do proceso coma do produto final, en producións musicais.
- Normas elementais de comportamento e actitude positiva na creación e interpretación de propostas musicais. O silencio como elemento e condición indispensable durante a creación e a práctica musical.
- Estratexias de recepción activa.
- Manifestacións vinculadas á expresión corporal e ás artes escénicas e performativas de diferentes correntes estéticas, procedencias e épocas producidas por creadoras e creadores locais, rexionais, nacionais e internacionais.
- Vocabulario específico das artes escénicas e performativas.
- Recursos dixitais de uso común para as artes escénicas e performativas.
- Normas de comportamento e actitude positiva na recepción de propostas vinculadas coa expresión corporal e dramática en diferentes espazos culturais e artísticos. O silencio como elemento e condición indispensable para manter a atención durante a recepción.
- O corpo e as súas posibilidades motrices, dramáticas e creativas: interese na experimentación e exploración a través de execucións individuais e grupais vinculadas co movemento, coa danza, coa dramatización e coa representación teatral como medio de expresión e diversión.
- Técnicas básicas dramáticas e dancísticas. Respiración consciente e hixiene e corrección postural. Nacións elementais de biomecánica. Linguaxes expresivas. Introducción aos métodos interpretativos. Experimentación con

Contidos

- actos performativos. Improvisación guiada e creativa. Interese, práctica e confianza nun mesmo.
- Capacidades expresivas e creativas básicas da expresión corporal e dramática. Gozar como forma de interacción social, recurso expresivo e emotivo e deleite estético.
- Fases do proceso creativo: planificación, interpretación, experimentación e avaliación.
- Avaliación, interese e valoración, tanto do proceso coma do produto final, en producións escénicas e performativas.
- Normas elementais de comportamento e actitude positiva na creación e interpretación de propostas vinculadas coa expresión corporal e dramática

| UD | Título da UD | Duración |
|----|-----------------------|----------|
| 3 | A primavera e o verán | 5 |

| Craterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|--|--|----|----|
| CA1.3 - Identificar visual e auditivamente, clasificar, describir e representar elementos da música e da linguaxe musical. | Identifica visualmente e representa no pentagrama as notas: do-si; do-sol agudo. Realiza ditados de 10 pulsos rítmicos (negra, silencio negra, dobre corchea, 4 semicorcheas) e melódicos (do, mi, sol). | PE | 20 |
| CA1.1 - Distinguir propostas artísticas musicais de diferentes xéneros, estilos, épocas e culturas, a través da recepción activa e mostrando curiosidade por estas. | Descobre interpretacións de diferentes xéneros, estilos, épocas e culturas que interpretadas exclusivamente con voz. Clasifica as voces adultas en soprano, contralto, tenor e baixo. | TI | 80 |
| CA1.6 - Valorar as sensacións e emocións producidas por diferentes manifestacións culturais e artísticas musicais, a partir da análise e da comprensión das devanditas manifestacións. | Valora e comprende as sensacións e emocións producidas por diferentes manifestacións culturais. | | |
| CA1.7 - Manifestar respecto na recepción de propostas artísticas musicais, interiorizando as normas elementais de comportamento e mostrando unha actitude positiva. | Manifesta respecto na recepción de propostas artísticas musicais e mostra unha actitude positiva. | | |
| CA2.1 - Producir obras propias básicas utilizando as posibilidades expresivas do corpo, o son, a imaxe e os medios dixitais básicos e mostrando confianza nas capacidades propias. | Elabora algún instrumento con materiais sinxelos da súa contorna, de refugallo e/ou de reciclaxe. Interpreta Indo eu coa fruta (FaM), entoa a letra e inventa propostas rítmicas para os 4 pulsos da B. | | |
| CA2.3 - Utilizar elementos da linguaxe musical para interpretar propostas musicais vocais e instrumentais sinxelas a través da vivencia destes. | Le e entoa unha partitura de ata 4 compases de 2/4, 3/4 ou 2 de 4/4: notas: do, mi, sol, la e do agudo; figuras: redonda, branca e negra (con/sen puntiño -agás negra con puntiño-) e os seus silencios. | | |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|--|--|----|---|
| CA2.5 - Participar no proceso cooperativo de producións culturais e artísticas musicais, de forma creativa, utilizando elementos básicos da linguaxe musical e diferentes técnicas artísticas. | Participa en grupo nun conto musical creado ao que este lle engade a creación de efectos con diferentes instrumentos e a dramatización deste, para ser interpretado. | | |
| CA2.7 - Manifestar respecto na realización de actividades, interiorizando as normas elementais de comportamento e mostrando unha actitude positiva e empática cara á expresión de ideas, sentimentos e emocións dos demais. | Manifesta respecto na realización de actividades musicais e mostra unha actitude positiva. | | |
| CA3.1 - Distinguir propostas artísticas escénicas e performativas de diferentes xéneros, estilos, épocas e culturas, a través da recepción activa e mostrando curiosidade por estas. | Descobre diferentes danzas e bailes da Península Ibérica e elabora un pequeno listado que inclúa a procedencia e/ou rexións onde se bailan. | | |
| CA3.5 - Valorar as sensacións e emocións producidas por diferentes manifestacións culturais e artísticas escénicas e performativas, a partir da análise e da comprensión das devanditas manifestacións. | Valora e comprende as sensacións e emocións producidas por diferentes manifestacións culturais e artísticas escénicas e performativas. | | |
| CA3.6 - Manifestar respecto na recepción de propostas artísticas escénicas e performativas, interiorizando as normas de respecto de comportamento e mostrando unha actitude positiva. | Manifesta respecto na recepción de propostas artísticas escénicas e performativas e mostra unha actitude positiva. | | |
| CA4.1 - Producir obras propias básicas utilizando as posibilidades expresivas do corpo, o son, a imaxe e os medios dixitais básicos e mostrando confianza nas capacidades propias. | Realiza cantando o baile en grupo Indo eu propoñendo e guiando a fórmula rítmica da pregunta-resposta da frase B. | | |
| CA4.4 - Participar no proceso cooperativo de producións culturais e artísticas escénicas e performativas, de forma creativa, utilizando elementos básicos da expresión corporal e diferentes técnicas artísticas. | Participa en grupo nun conto musical creado ao que este lle engade a creación de efectos con diferentes instrumentos e a dramatización deste, para ser interpretado. | | |
| CA4.6 - Manifestar respecto na creación e interpretación de propostas artísticas escénicas e performativas, interiorizando as normas elementais de comportamento e mostrando unha actitude positiva e empática cara á expresión de ideas, sentimentos e emocións dos demais. | Manifesta respecto na realización de actividades escénicas e performativas e mostra unha actitude positiva. | | |

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

| Contidos |
|---|
| <ul style="list-style-type: none"> - Estratexias de recepción activa. - Profesións vinculadas á creación e interpretación musical. Coñecemento e valoración. - O son e as súas calidades: identificación visual e auditiva, clasificación e representación de diversidade de sons e estruturas rítmicas e melódicas a través de grafías convencionais e non convencionais. - A voz e os instrumentos musicais. Familias e agrupacións máis representativas. Clasificación e comprensión da natureza da produción sonora en cada tipo. Identificación visual e auditiva. Instrumentos tradicionais na música galega. Instrumentos dixitais. Aproximación a instrumentos non convencionais e exóticos. Instrumentos caseiros. - O tempo, o carácter e a dinámica: identificación e descrición. |

Contidos

- O pulso, o acento e o compás: identificación e diferenciación entre compás binario, ternario e cuaternario. Introducción ao concepto de subdivisión.
- A melodía e a forma musical. Repetición e variación melódica.
- Propostas musicais de diferentes correntes estéticas, procedencias e épocas producidas por creadoras e creadores locais, rexionais, nacionais e internacionais.
- Aproximación aos principais xéneros musicais.
- Estratexias básicas de análises de propostas musicais desde unha perspectiva de xénero.
- Vocabulario específico de música.
- Recursos dixitais de uso común para música.
- Normas elementais de comportamento e actitude positiva na recepción de propostas musicais. O silencio como elemento e condición indispensable para manter a atención durante a audición.
- Práctica instrumental, vocal e corporal: experimentación, exploración creativa, interpretación, improvisación e composición con pautas guiadas a partir das súas posibilidades sonoras e expresivas. Respiración consciente e hixiene e corrección postural.
- Construción de obxectos sonoros e instrumentos e exploración das súas posibilidades sonoras para o seu uso expresivo.
- Linguaxes musicais: aplicación dos seus conceptos fundamentais na interpretación e na improvisación guiada de propostas musicais vocais e instrumentais. O silencio como elemento fundamental da música: utilización adecuada na interpretación musical.
- Aplicacións informáticas de gravación, edición de audio e edición de partituras: utilización guiada na audición, coñecemento, interpretación, gravación, reprodución, improvisación e creación de obras diversas.
- Aproximación ao uso responsable de bancos de imaxes e sons: respecto ás licenzas de uso e distribución de contidos xerados por outros. Plaxio e dereitos de autor.
- Fases do proceso creativo: planificación, interpretación, experimentación e avaliación.
- Avaliación, interese e valoración, tanto do proceso coma do produto final, en producións musicais.
- Normas elementais de comportamento e actitude positiva na creación e interpretación de propostas musicais. O silencio como elemento e condición indispensable durante a creación e a práctica musical.
- Estratexias de recepción activa.
- Manifestacións vinculadas á expresión corporal e ás artes escénicas e performativas de diferentes correntes estéticas, procedencias e épocas producidas por creadoras e creadores locais, rexionais, nacionais e internacionais.
- Profesións vinculadas ás artes escénicas e performativas. Coñecemento e valoración.
- Elementos da representación escénica. Roles, materiais e espazos. Teatralidade. Estrutura dramática básica.
- Estratexias básicas de análises de propostas escénicas e performativas desde unha perspectiva de xénero.
- Vocabulario específico das artes escénicas e performativas.
- Recursos dixitais de uso común para as artes escénicas e performativas.
- Normas de comportamento e actitude positiva na recepción de propostas vinculadas coa expresión corporal e dramática en diferentes espazos culturais e artísticos. O silencio como elemento e condición indispensable para manter a atención durante a recepción.
- O corpo e as súas posibilidades motrices, dramáticas e creativas: interese na experimentación e exploración a través de execucións individuais e grupais vinculadas co movemento, coa danza, coa dramatización e coa repre-

| Contidos |
|--|
| <ul style="list-style-type: none"> - sentación teatral como medio de expresión e diversión. - Técnicas básicas dramáticas e dancísticas. Respiración consciente e hixiene e corrección postural. Nocións elementais de biomecánica. Linguaxes expresivas. Introducción aos métodos interpretativos. Experimentación con actos performativos. Improvisación guiada e creativa. Interese, práctica e confianza nun mesmo. - Aproximación ao uso responsable de bancos de imaxes e sons: respecto ás licenzas de uso e distribución de contidos xerados por outros. Plaxio e dereitos de autor. - Capacidades expresivas e creativas básicas da expresión corporal e dramática. Gozar como forma de interacción social, recurso expresivo e emotivo e deleite estético. - Fases do proceso creativo: planificación, interpretación, experimentación e avaliación. - Avaliación, interese e valoración, tanto do proceso coma do produto final, en producións escénicas e performativas. - Normas elementais de comportamento e actitude positiva na creación e interpretación de propostas vinculadas coa expresión corporal e dramática |

| UD | Título da UD | Duración |
|-----------|---------------------------|-----------------|
| 4 | Músicas e danzas do mundo | 17 |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|--|--|-----------|----------|
| CA1.2 - Describir manifestacións culturais e artísticas musicais, explorando as súas características con interese, establecendo relacións entre elas, valorando a diversidade que as xera, así como as principais profesións vinculadas á creación e interpretación musical, e empregando o vocabulario específico destas. | Descobre diferentes mostras de músicas representativas doutros lugares do mundo e elabora unha ficha sobre unha destas, incluíndo a descrición e o instrumento que máis lle chamou a atención. | TI | 100 |
| CA1.4 - Seleccionar e aplicar estratexias para a procura de información sobre manifestacións culturais e artísticas musicais a través de diversas canles e medios de acceso, de forma individual e colaborativa. | Realiza un traballo individual en arquivo de texto LibreOffice sobre: familias de instrumentos, agrupacións musicais e as voces. | | |
| CA1.5 - Comparar o significado e os elementos característicos de distintas manifestacións culturais e artísticas musicais que forman parte do patrimonio de diversas contornas, analizando as canles, medios e técnicas vinculados a elas, así como as súas diferenzas e similitudes, e desenvolvendo criterios de valoración propios. | Realiza algún tipo de análise sobre as manifestacións culturais e artísticas musicais propostas. | | |
| CA2.2 - Expresar con creatividade ideas, sentimentos e emocións a través de diversas manifestacións artísticas musicais, utilizando as diferentes linguaxes e instrumentos ao seu alcance, mostrando confianza nas propias capacidades e perfeccionando a execución. | Expresa, verbalmente e por escrito, os sentimentos e emocións experimentados trala interpretación de pequenas obras musicais seleccionadas. | | |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|--|---|----|---|
| CA2.4 - Planificar e deseñar producións culturais e artísticas musicais colectivas, traballando de forma cooperativa na consecución dun resultado final que cumpra cuns obxectivos acordados e asumindo diferentes roles, desde a igualdade e o respecto á diversidade. | Participa en grupo na creación dunha composición musical en editor de partituras (mín.: 4 comp. de 2/4, 3 de 3/4 ou 2 de 4/4) para un conxunto de mín. 3 instrumentos PAI e 2 de PAD. | | |
| CA2.6 - Compartir os proxectos creativos musicais, empregando diferentes estratexias comunicativas a través de diversos medios e explicando o proceso e o resultado final obtido. | Explica o proceso, dificultades atopadas e resultado final da composición do traballo para o CA2.4. | | |
| CA3.2 - Describir manifestacións culturais e artísticas escénicas e performativas explorando as súas características con interese, establecendo relacións entre elas, valorando a diversidade que as xera, así como as principais profesións vinculadas á creación e interpretación escénica e performativa, e empregando o vocabulario específico destas. | Descobre diferentes mostras de danzas representativas doutros lugares do mundo e elabora unha ficha sobre unha delas, incluíndo descrición e o paso ou característica que máis lle chamou a atención. | | |
| CA3.3 - Seleccionar e aplicar estratexias para a procura de información sobre manifestacións culturais e artísticas escénicas e performativas a través de diversas canles e medios de acceso, de forma individual e colaborativa. | Realiza un traballo individual en arquivo de presentación LibreOffice sobre algún dos bailes vistos ao longo do curso. | | |
| CA3.4 - Comparar o significado e os elementos característicos de distintas manifestacións culturais e artísticas escénicas e performativas que forman parte do patrimonio de diversas contornas, analizando as canles, medios e técnicas vinculados a elas, así como as súas diferenzas e similitudes, e desenvolvendo criterios de valoración propios. | Realiza algún tipo de análise sobre as manifestacións culturais e artísticas musicais propostas. | | |
| CA4.2 - Expresar con creatividade ideas, sentimentos e emocións a través de diversas manifestacións artísticas escénicas e performativas, utilizando as diferentes linguaxes e instrumentos ao seu alcance, mostrando confianza nas propias capacidades e perfeccionando a execución. | Expresa, verbalmente e por escrito, os sentimentos e emocións experimentados trala interpretación das coreografías seleccionadas. | | |
| CA4.3 - Planificar e deseñar producións culturais e artísticas escénicas e performativas colectivas, traballando de forma cooperativa na consecución dun resultado final que cumpra cuns obxectivos acordados e asumindo diferentes roles, desde a igualdade e o respecto á diversidade. | Participa en grupo na creación e interpretación dunha coreografía (dalgunha obra ou canción elixida libremente) cuxos pasos se reflectan nun traballo. | | |
| CA4.5 - Compartir os proxectos creativos escénicos e performativos empregando diferentes estratexias comunicativas a través de diversos medios e explicando o proceso e o resultado final obtido. | Explica o proceso, dificultades atopadas e resultado final da creación para o traballo do CA4.3. | | |

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

| Contidos |
|--|
| <ul style="list-style-type: none"> - Estratexias de recepción activa. - A voz e os instrumentos musicais. Familias e agrupacións máis representativas. Clasificación e comprensión da natureza da produción sonora en cada tipo. Identificación visual e auditiva. Instrumentos tradicionais na música |

Contidos

- galega. Instrumentos dixitais. Aproximación a instrumentos non convencionais e exóticos. Instrumentos caseiros.
- O tempo, o carácter e a dinámica: identificación e descrición.
- O pulso, o acento e o compás: identificación e diferenciación entre compás binario, ternario e cuaternario. Introducción ao concepto de subdivisión.
- A melodía e a forma musical. Repetición e variación melódica.
- Propostas musicais de diferentes correntes estéticas, procedencias e épocas producidas por creadoras e creadores locais, rexionais, nacionais e internacionais.
- Aproximación aos principais xéneros musicais.
- Vocabulario específico de música.
- Recursos dixitais de uso común para música.
- Normas elementais de comportamento e actitude positiva na recepción de propostas musicais. O silencio como elemento e condición indispensable para manter a atención durante a audición.
- Práctica instrumental, vocal e corporal: experimentación, exploración creativa, interpretación, improvisación e composición con pautas guiadas a partir das súas posibilidades sonoras e expresivas. Respiración consciente e hixiene e corrección postural.
- Linguaxes musicais: aplicación dos seus conceptos fundamentais na interpretación e na improvisación guiada de propostas musicais vocais e instrumentais. O silencio como elemento fundamental da música: utilización adecuada na interpretación musical.
- Aplicacións informáticas de gravación, edición de audio e edición de partituras: utilización guiada na audición, coñecemento, interpretación, gravación, reprodución, improvisación e creación de obras diversas.
- Fases do proceso creativo: planificación, interpretación, experimentación e avaliación.
- Avaliación, interese e valoración, tanto do proceso coma do produto final, en producións musicais.
- Normas elementais de comportamento e actitude positiva na creación e interpretación de propostas musicais. O silencio como elemento e condición indispensable durante a creación e a práctica musical.
- Estratexias de recepción activa.
- Manifestacións vinculadas á expresión corporal e ás artes escénicas e performativas de diferentes correntes estéticas, procedencias e épocas producidas por creadoras e creadores locais, rexionais, nacionais e internacionais.
- Vocabulario específico das artes escénicas e performativas.
- Recursos dixitais de uso común para as artes escénicas e performativas.
- Normas de comportamento e actitude positiva na recepción de propostas vinculadas coa expresión corporal e dramática en diferentes espazos culturais e artísticos. O silencio como elemento e condición indispensable para manter a atención durante a recepción.
- O corpo e as súas posibilidades motrices, dramáticas e creativas: interese na experimentación e exploración a través de execucións individuais e grupais vinculadas co movemento, coa danza, coa dramatización e coa representación teatral como medio de expresión e diversión.
- Técnicas básicas dramáticas e dancísticas. Respiración consciente e hixiene e corrección postural. Nocións elementais de biomecánica. Linguaxes expresivas. Introducción aos métodos interpretativos. Experimentación con actos performativos. Improvisación guiada e creativa. Interese, práctica e confianza nun mesmo.
- Capacidades expresivas e creativas básicas da expresión corporal e dramática. Gozar como forma de interacción social, recurso expresivo e emotivo e deleite estético.
- Fases do proceso creativo: planificación, interpretación, experimentación e avaliación.

Contidos

- Avaliación, interese e valoración, tanto do proceso coma do produto final, en producións escénicas e performativas.
- Normas elementais de comportamento e actitude positiva na creación e interpretación de propostas vinculadas coa expresión corporal e dramática

4.1. Concrecións metodolóxicas

No tocante ao aspecto metodolóxico, a presente PD remítese en primeira instancia ás liñas de actuación reflectidas no currículo, as cales se levarán ao longo das diferentes sesións da materia.

As diferentes UD permitirán, no seu conxunto, o traballo da totalidade dos contidos do currículo, así como dos elementos transversais, dos obxectivos da etapa e están pensadas para a consecución do logro de cada un dos criterios de avaliación (CA) establecidos, ou, alomenos, os mínimos de consecución correspondentes, así como para a progresiva adquisición das competencias clave correspondentes de cara ao perfil de saída do alumnado ao remate da educación primaria.

A UD4, que viaxa ao longo do tempo ao estar en cada un dos 3 trimestres, non está concibida para ser levada a cabo anterior ou posteriormente de xeito estrito ás UD1, UD2 e UD3, respectivamente; de feito, o seu desenvolvemento está pensado para ser non só intercalado ao longo do resto das UD, senón incluso na mesma sesión, de xeito que aporte unha dinámica variada e flexible tanto á persoa docente, por un lado, como para o enriquecemento do alumnado, polo outro.

En cada unha das sesións, e con independencia do traballo específico a tratar nelas, o establecemento dunha rutina en cada unha delas permitirá desenvolver e brindarlle ao alumnado:

- Automatización nalgunhas cuestións a tratar ao longo do 3º ciclo, axudando a aportar seguridade e confianza en si mesmo.
- Consecuentemente, fomento dun maior impacto no logro dos descritores a acadar, redundando, ademais, nun maior goce das actividades, especialmente naquelas que conlevan o emprego de aspectos específicos das linguaxes relacionadas coa materia.
- Aclimatación dende o comezo da sesión como enfoque preparatorio para esta, a través da relaxación, atención e concentración, logrando, paralelamente, o emprego do silencio e da recepción activa, tan necesario para calquera das actividades a realizar na sesión.

A tal fin, esta rutina adicará, alomenos, uns minutos (entre 5 e 10), especialmente ao inicio de cada sesión, a traballar o seguinte, e, de xeito xeral, por esta orde e de pé:

- consciencia e colocación da postura corporal
- respiración profunda e consciente, traballando cara o final a columna de aire para o canto e a fruta doce
- notas, longas ao comezo, axudadas con fononimia
- fórmulas rítmicas de pregunta e resposta (4 pulsos con carácter xeral) co corpófono e/ou coa voz
- dixitación das notas traballadas na fruta

Dada a casuística da materia no tocante á cantidade de sesións desta -1 sesión semanal- o número total destas por curso adoita ser unhas 35. O alumnado poderá acceder a maiores a:

- recursos dixitais empregados na clase e/ou para levar a cabo tarefas encomendadas
- vídeos de interpretación (voz, instrumentos e/ou danza) para aprendizaxe e/ou repaso
- ligazóns de interese relacionadas coa materia
- outras que poidan ir xurdindo ao longo do curso

4.2. Materiais e recursos didácticos

| Denominación |
|--|
| Instrumentos de percusión de altura indeterminada (PAI) e de percusión de altura determinada (PAD) |
| Encerado dixital |
| Ordenador: con diferentes aplicacións e programas de software libre (Plan Dixital): reprodución audio e vídeo, editor de partituras, gravación, etc. |
| Altosfalantes |
| Fruita doce |
| Cartafol con aneis |
| Estoxo |

Neste centro, cóntase con variados e suficientes instrumentos PAI e PAD, o cal permite que todo o alumnado poida tocar á vez sen necesidade de ter que establecer quendas rotatorias.

A aula, se ben é espazosa, para o aspecto da Danza precisa de desprazar un pouco as mesas.

Neste curso proporase a instalación dun encerado dixital para poder proxectar videos referidos a pautas rítmicas ou de danza que se traballarán

O alumnado deberá ter, traer e facerse responsable do seu material e a limpeza deste (fruta, cartafol con aneis para fichas e estoxo).

5.1. Procedemento para a avaliación inicial

Revisados os informes individualizados do noso alumnado, levarase a cabo unha proba co fin de coñecer o punto de partida real deste curso; de especial interese é a información deste ampliada por parte das persoas titoras do curso anterior ao ser posible unha reunión presencial con estas dado que continúan no equipo docente do centro.

Esta avaliación inicial levarase a cabo na 1ª e/ou 2ª sesión/s, para poder establecer uns criterios claros do nivel mínimo da clase en xeral, e de cada alumna/o en particular. Neste eido cómpre ter en conta:

- alumnado do centro, do cal a persoa docente desta materia é máis coñecedora ao formar parte do equipo docente o curso anterior
- alumnado de nova incorporación, do cal só hai referencias previas dos informes individualizados

Dita proba consistirá de:

- unha execución guiada dunha selección específica de xogos/exercicios/danzas/cançons/fragmentos que traballen os aspectos vocal, corporal e motriz e cuxa observación directa será reflectida nun rexistro: eiquí inclúese a comprobación do nivel de dominio con algún/s instrumento/s PAI, PAD e coa fruta.
- unha ficha escrita para comprobar o coñecemento, fundamentalmente, de elementos da linguaxe musical dos cursos anteriores.

A partir do conxunto de datos obtidos do anteriormente citado tratarase co DO (ou alomenos comunicaranse, e a través da tutoría, aquelas medidas que xa pode realizar e/ou realizará a persoa docente na aula, como por exemplo un reforzo dentro desta ou unha atención máis individualizada); de ser posible e/ou necesario sería importante e interesante que esta xuntanza fose xunto coa persoa titora e co resto de equipo docente da aula para poder convir o modo de intervención daquelas posibles dificultades atopadas, especialmente das que precisen persoal docente adicional e/ou solicitude ao DO.

5.2. Criterios de cualificación e recuperación

Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

| Unidade didáctica | UD 1 | UD 2 | UD 3 | UD 4 | Total |
|-----------------------------|-----------|-----------|-----------|-----------|------------|
| Peso UD/ Tipo Ins. | 15 | 21 | 24 | 40 | 100 |
| Proba escrita | 0 | 20 | 20 | 0 | 9 |
| Táboa de indicadores | 100 | 80 | 80 | 100 | 91 |

Criterios de cualificación:

Os criterios de cualificación son:

PROCEDEMENTOS

Probas e controis escritos, orais ou interactivos

Exposicións orais

Autoavaliación

Coavaliación PORCENTAXE 50%

CRITERIOS

- É capaz de seguir un patrón rítmico
- Comprende ordes breves sinxelas con apoio audiovisual
- Comprende palabras clave e mensaxes orais sinxelos
- Exprésase oralmente utilizando o vocabulario básico de cada unidade
- É quen de reproducir melodías e ritmos
- Reproduce un baie aprendido
- Presenta correctamente (limpeza, caligrafía...)

PROCEDEMENTOS

Observación directa sobre o traballo e participación na aula PORCENTAXE:20,00%

CRITERIOS

- Participa activamente en actividades individuais ou colectivas.
- Amona interese
- Aproveita o tempo na clase
- Presenta correctamente (limpeza, caligrafía...)

PROCEDEMENTO

Adecuación do caderno PORCENTAXE 20,00%

CRITERIOS

- Cumpre os prazos de entrega e tarefas a entregar
- Presenta correctamente (limpeza, caligrafía...)

PROCEDEMENTOS

Observación directa de comportamento, traballo en grupo, interese pola materia PORCENTAXE 10,00%

CRITERIOS

- Participa activamente en actividades individuais ou colectivas
- Respecta aos demais e as normas do centro.
- Amona interese
- Coida o material

Criterios de recuperación:

Aquel alumnado que non tivese acadado os mínimos de consecución de cada CA ó final de cada UD poderá recuperalos ao final de cada trimestre. Isto terá lugar cara a segunda semana de decembro, marzo e xuño, respectivamente. Neste centro, de ser este o caso, o procedemento será o seguinte:

-Comunicación disto á familia (e paralelamente á persoa docente titora mediante correo electrónico) a través da axenda do alumnado e/ou do Abalar. Nesta especificarase aquel/es mínimo/s de consecución que se precisa/n acadar, o que corresponda para tal fin (e sempre en concordancia co instrumento de avaliación correspondente reflectido na presente PD: p. ex. repetición dun traballo e/ou parte deste e/ou dunha interpretación instrumental, etc.).

-Ademais, de especial importancia e interese resultará trasladar esta información ao alumnado: isto farase de xeito individual e entregándolle unha folla que recollerá o que precisa realizar para acadar ese/s mínimo/s de consecución, explicándolle isto verbalmente e resolvéndolle as posibles dúbidas ao respecto.

Se este/s mínimo/s de consecución non fose/n acadado/s trimestralmente isto poderá ser recuperado de cara á avaliación final. De ser así cómpre diferenciar entre dous aspectos:

-Se se trata de algo máis ben específico (por ex.: un traballo a entregar) seguirá o mesmo procedemento referido anteriormente e terá lugar durante a primeira quincena de xuño.

-Se se trata dun aspecto de adquisición meramente progresivo (por ex.: coñecementos de linguaxe musical ou cuestións técnicas interpretativas) que non foi quen de superar anteriormente pero si no último trimestre darase isto por superado. Téñase en conta que por un lado, na UD3 do 3º trimestre recóllense os contidos e CA das UD1 e UD2, así como a UD4 trabállase en todos os trimestres, dotando así dunha dimensión práctica e operativa a indiosincrasia desta materia no que á avaliación continua se refire.

6. Medidas de atención á diversidade

Non todo o alumnado aprende da mesma forma e ao mesmo ritmo; por iso realizaranse actividades a distinto nivel:

-Actividades programadas para todo o grupo.

-Actividades de reforzo para o alumnado cun ritmo lento e baixa comprensión.

-Actividades de ampliación para alumnado cunha aprendizaxe máis rápida.

-Xogos/Actividades adicionais para aquel alumnado que remate antes as tarefas individuais/grupais da clase.

Porase énfase na detección temperá do alumnado que requira unha atención educativa diferente á ordinaria. Así, tan rápido como se detecten dificultades específicas de aprendizaxe farase un reforzo educativo coa finalidade de que este adquira os coñecementos necesarios para continuar o proceso educativo.

No caso de alumnado que permaneza un ano máis no mesmo curso seguiranse as indicacións establecidas no artigo 50 da ORDE do 8 de setembro de 2021 (de atención á diversidade) en relación ao preceptivo plan específico de reforzo, que ten como obxectivo atender e superar as dificultades que levaron a esa repetición.

Tamén se farán adaptacións curriculares significativas para aquel alumnado que presente necesidades educativas especiais onde se reducen e simplifican actividades mostrando a forma máis sinxela de facelas.

No caso de alumnado con altas capacidades ampliáranse os seus coñecementos debido á súa rápida aprendizaxe.

Alumnado inmigrante con descoñecemento da lingua, tanto de incorporación ao inicio como ao longo do curso: solicitarase levar a cabo a valoración polo Departamento de Orientación para determinar o nivel curricular. Establecerase Reforzo Educativo, para o cal non se precisa necesariamente intervención do DO; traballarase máis na comunicación a través de imaxes e no aspecto da recepción e na vivencia musical e da danza, de xeito que se faga fincapé na integración e inclusión deste tipo de alumnado co resto da clase.

Dependendo da casuística do alumnado cómpre ter en conta diferentes consideracións á hora de traballar, tales como: emprego de grafías de maior tamaño; priorización dalgunha das linguaxes e/ou formas de comunicación: oral, escrita, visual e/ou táctil; énfase no aspecto de índole globalizador, coordinación motriz, lateralidade e/ou psicomotricidade fina, etc.

Con alumnado con deficiencias auditivas cómpre diferenciar entre aquel hipoacústico, co que o obxecto principal é desenvolver a audición no marco da linguaxe, interpretando cancións e exercicios de discriminación auditiva, e o anacúsico, co que o obxectivo principal é estimular a lectura de beizos e axudarlles na súa toma de conciencia sobre as vibracións que o rodean, para o que se lle axudará, sobre todo, cos sentidos da vista e do tacto.

7.1. Concreción dos elementos transversais

| | UD 1 | UD 2 | UD 3 | UD 4 |
|---|------|------|------|------|
| ET.1 - Comprensión lectora | X | X | X | X |
| ET.2 - Expresión oral e escrita | X | X | X | X |
| ET.3 - Comunicación audiovisual | X | X | X | X |
| ET.4 - Competencia dixital | X | X | X | X |
| ET.5 - Fomento da creatividade, espírito científico e do emprendemento | X | X | X | X |
| ET.6 - Igualdade entre homes e mulleres | X | X | X | X |
| ET.7 - Educación para a paz e prevención e resolución pacífica de conflitos | | X | | |
| ET.8 - Educación para o consumo responsable e o desenvolvemento sostible | | | X | |
| ET.9 - Educación para a saúde | X | X | X | X |

Observacións:

Os elementos transversais, eiqú numerados, 1-6 e 9 trabállanse con regularidade no propio traballo de cada UD, ben sexa coas rutinas ou coas diferentes actividades que desenvolven os contidos.

O elemento transversal 7 traballarase, de xeito especial, a través da conmemoración do Día da Paz e non Violencia.

O elemento transversal 8 traballarase ao abeiro do B2 no 3º trim. e a través da construción asistida de obxectos sonoros e instrumentos sinxelos con materiais da contorna e de reciclaxe.

7.2. Actividades complementarias

| Actividade | Descrición | 1º trim. | 2º trim. | 3º trim. |
|------------|------------|----------|----------|----------|
|------------|------------|----------|----------|----------|

| Actividade | Descrición | 1º trim. | 2º trim. | 3º trim. |
|---------------------------------------|--|----------|----------|----------|
| Obradoiro de danza tradicional galega | Obradoiro de danza tradicional galega no 1º trimestre no centro, e en relación á UD4, a cargo dunha das Asociacións Culturais da contorna a cal interpreta conxuntamente tanto a música como a danza. | | | |
| Concerto didáctico de música clásica | Concerto didáctico de música clásica no 2º trimestre no salón de actos por un conxunto camerístico, relacionado co traballado na UD4. | | | |
| Festival de Fin de Curso | Concerto de todo o centro (con coreografías e interpretacións musicais do alumnado, empregando para estas últimas, e, entre outros, os instrumentos de reciclaxe realizados na UD3) no salón de actos e de cara ao final do 3º trimestre; aberto ao público con entrada solidaria para recadar fondos para a excursión de Fin de Curso de 6º EP. | | | |
| Colaboración no Xornal do Centro | No 3º trimestre colabórase elixindo un dos traballos grupais realizados durante o curso para editar no xornal. | | | |

Observacións:

O obradoiro de danza tradicional galega está concibido para, anteriormente a este, realizar un pequeno concerto didáctico de música e danza tradicional galega para 1º primaria, e un obradoiro con 3º primaria, respectivamente.

O conxunto camerístico sería interesante que, tanto de ser composto por unha ou varias familias de instrumentos, tivese presenza, alomenos, de instrumentos da familia de corda.

Sobre os fondos do Festival de Fin de curso: de non realizarse a excursión estes irían destinados a algunha asociación benéfica, preferentemente da contorna.

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

| Indicadores de logro |
|--|
| Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico |
| Realizouse unha enquisa ao alumnado sobre a práctica docente. |
| Adecuouse o deseño das UD ás características e necesidades do alumnado. |
| Funcionalidade da PD: revisouse ao longo do curso e foi práctica e útil para acadar os obxectivos propostos. |
| Metodoloxía empregada |
| Cumpríuse a temporalización inicialmente establecida. |
| Usáronse distintos instrumentos de avaliación. |

| |
|--|
| Medidas de atención á diversidade |
| Levóronse a cabo as medidas de atención á diversidade e foron efectivas. |
| Clima de traballo na aula |
| Máis do 80% do alumnado superou a materia. |
| Consegiuse a participación activa de todo o alumnado |
| Coordinación co resto do equipo docente e coas familias ou as persoas titoras legais |
| Aportouse información ao persoal docente titor. |
| A persoa docente empregou as metodoloxías reflectidas na PD. |
| Apoiouse a implicación das familias no traballo do alumnado. |

Descrición:

En liñas xerais, e agás a enquisa, farase un seguimento trimestral para a comprobación dos indicadores de logro; neste senso, un cadro destes, xunto co seu resultado incluírase, alomenos, nas correspondentes actas de ciclo.

A enquisa ao alumnado realizarase cara o remate do 3º trimestre, e incluíranse, entre outras, unha pregunta de escala na que este valore a facilidade coa que comprendeu as instrucións dadas, así como outra/s sobre a adecuación do deseño das UD en base ás súas necesidades.

De cara a reflectir a comunicación realizada da información ao persoal titor será suficiente con que este último así o faga constar nas correspondentes actas de ciclo e/ou en cada unha das actas posteriores á Xunta de Avaliación trimestral; neste centro a comunicación da información será, polo xeral, a través dunha pequena xuntanza, podendo ampliarse esta a través de comunicación electrónica.

Na funcionalidade da PD tamén se incluírán observacións das posibles necesidades e/ou propostas de cambio, reflectindo, especialmente, e, entre outros puntos, se o número de sesións se adecúan e se estas son suficientes, de cara á elaboración de seguintes PD.

Ao mesmo tempo, o referido seguimento desta funcionalidade da PD, así como cumprimento da temporalización, o emprego das diferentes metodoloxías e instrumentos de avaliación e as medidas de atención á diversidade faranse a través do propio PROENS, pois estas veñen eiquí recollidas.

Para medir a consecución da participación activa de todo o alumnado e o apoio de implicación das familias no traballo do alumnado reflectírase o índice destes no rexistro diario de aula.

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

Tralo remate de cada trimestre revisárase a PD. Dita revisión terá en conta os seguintes puntos:

1. Seguimento da PD no apartado correspondente do PROENS:
 - Reunións trimestrais do equipo docente da coordinación de ciclo.
 - No tocante ás UD: data de inicio e final, número de sesións previstas e realizadas.
 - Grao de cumprimento da PD con carácter xeral dos indicadores de logro desta.
 - Propostas xerais de mellora e outras observacións.

2. Análise da situación no tocante ás dificultades atopadas no alumnado:
 - Se os resultados fosen positivos continuarase na mesma liña de traballo.
 - Se os resultados fosen negativos levaranse a cabo propostas de mellora.

Accións de mellora:

- Ofrécese ao alumnado as explicacións individualizadas.
- Elaboración de actividades atendendo ás dificultades mostradas.
- Probas de avaliación de distinta dificultade.
- Comentar co alumnado os fallos máis significativos dos traballos realizados.

En función do anterior:

- Revisión das necesidades de atención educativa (apoio, reforzo, ACS, etc.)

3. Actividades complementarias (realizadas ou non).

A avaliación dos datos recollidos farase mediante o cadro referido no apartado 8.1. ao que se lle engadirá, a maiores, os cadros precisos que inclúan a información adicional do presente apartado xunto coa información e resultados destes; posteriormente incluíranse como anexo nas correspondentes actas da coordinación de ciclo. Así mesmo, esta información será incluída na memoria final da materia, con especial relevancia nas posibles propostas de mellora para levar a cabo no seguinte curso académico.

9. Outros apartados